

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 15/09/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Licencias Urbanísticas.
- 3º.- Proxecto Augas de Galicia " Rede Separativa na rúa Manuel Lago Pais "
- 4º.- Subvención Xunta de Galicia Axentes de Emprego ano 2016.-
- 5º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **15/09/2016** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan baixo a **Presidencia do Sr. Alcalde José Marcote Suárez**, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 28 de Xullo de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

- 2º.- Licencias Urbanísticas.

PARCELACIÓN

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda,

-- Conceder a J.J.D.R., veciña de Fisterra, con DNI 32.336.826 E e domicilio no Termo Municipal de Ames, para proceder á división dunha parcela cunha superficie total de 3.757 m2 sita na localidade de Mallas neste Termo Municipal de Fisterra, nas seguintes:

	SUPERFICIE BRUTA / M2	SUPERFICIE NETA / M2	SUPERFICIE CESIÓN / M2
Parcela 1	1.185	1.159,21	25,79

Parcela 2	1.010	990,22	19,78
Parcela 3	972	937,15	34,85
Parcela 4	590	559,71	30,29

A Superficie de Cesión gratuita en favor do Concello nun total de 110,71 m2 formalizarase en documento notarial dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da notificación deste acordo, debendo axustarse na súa totalidade o Proxecto de parcelación redactado a tal efecto polo Inxeñeiro Técnico Agrícola, David Mosquera Castro de data 21 de xaneiro de 2016 que consta no expediente.-

Asimesmo deberá ingresar en arcas municipais a cantidade de Douscentos corenta euros (240,00 €) en concepto da Taxa pola prestación de servizo urbanísticos prevista na Ordenanza Fiscal reguladora.-

B) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe emitido por parte da Arquitecta que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda,

- Autorizar a G.C.L., veciño de Fisterra, con D.N.I. 79.320.297-J, para levar a cabo as obras que a continuación se indican, localizadas na Rúa de Arriba, 1 de Fisterra e integradas na Memoria redactada polo Arquitecto Manuel Ángel Marcote Escariz de data Agosto de 2016 que consta no expediente:

1º.- Reforzo e mellora do apuntalamiento debaixo dos elementos construídos perimetrales sitos ó Norte e Oeste da excavación, mediante sopanda resistente en toda a lonxitude.

Realizarase un novo apuntalamiento coa previsión da retirada paulatina segundo se vaian realizando as diferentes capas de recheo; para isto empregaranse intercaladamente ó apuntalamiento metálico, puntales de madeira que se sacrificarán dentro do novo material.

2º.- Tras o reforzo e apuntalamientos dos elementos sitos ó Norte e Oeste da excavación realizarase oco para a colocación de bomba de achique para a eliminación da auga existente e en previsión do tempo chuvioso.

Así mesmo, sempre se terá a disposición e para a súa posta en marcha inmediata unha bomba de achique conectada á rede de saneamento de pluviais.

3º.- En caso de ser necesario, procederase ó afianzamento do terro solto mediante o gunitado das superficies con risco de desprendemento.

4º.- Delimitación da zona donde se vai executar a escaleira mediante tablado, e inicio do recheo do resto da superficie con xabre compactado hasta los riñones en tongadas de 50 cm. e mantendo un ángulo de talud máximo de 25ª en zona en contacto co perímetro da escaleira.

5º.- Execución simultánea ó recheo do resto da finca, en especial nas zonas Norte e Oeste do oco realizado, das zapatas e muros perimetrales da escaleira autorizada para proceder, tan pronto se poida, a realizar o desencofrado e permita a súa entrada en carga, o recheo do trasdós dos muros da escaleira.

6º.- Retirada e perfilado final, con compactado e recheo dos ocos que poidan quedar debaixo dos muros existentes ó Norte e Oeste.

Todo elo dada a necesidade de executar as mesmas polo perigo que poden supoñer para persoas e bens.-

-- Notificar dito acordo o promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recurso legalmente establecidos.-

Así mesmo ó Servizo de Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto co expediente administrativo, ós fins de que teñan coñecemento e poidan actuar no caso de ser preciso e determinen con claridade se as escaleiras teñen autorización concedida e co fin de saber si deben ser incluídas no Proxecto de Legalización a presentar con posterioridade.

-- Deberá presentar no prazo de dez días hábiles, o Oficio de Dirección das Obras visados e nomeamento do Coordinador de Seguridade e Saúde, de ser este último necesario, antes de acometelas, do técnico ou técnicos responsables das mesmas.

-- Dentro do proxecto de legalización a presentar, deberáse ter en conta o Presuposto das obras realizadas de urxencia.

3º.- Proxecto Augas de Galicia " Rede Separativa na rúa Manuel Lago Pais "

Dada conta do oficio procedente de Augas de Galicia (Rexistro de Saida 7108 / RX 1130413 de data 4 de Agosto de 2016 sobre Convenio de Colaboración entre a citada Entidade Empresarial e este Concello sobre Obra, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda :

- 1) Prestar a súa conformidade co proxecto da Obra denominada " Rede Separativa na rúa Manuel Lago Pais-Fisterra (A Coruña) de Clave : OH.315.1023 cun orzamento de trescentos oitenta e dous mil novecentos sesenta e nove euros con setenta e nove céntimos (382.969,79 €), en base o Convenio aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 3 de Xuño de 2016.-
- 2) Compromiso de recibir as Obras e como titular asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.-
- 3) Comprometerse á posta a disposición de Augas de Galicia, antes do inicio das Obras, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado ou de ser o caso, da tramitación do correspondente trámite expropiatorio.-
- 4) Trasládese certificación deste acordo xunto co resto da documentación solicitada pola Entidade Pública e dése conta ó Pleno da Corporación para a súa ratificación.-

4º.- Subvención Xunta de Galicia Axentes de Emprego ano 2016.-

Á vista da Orde do 5 de Agosto de 2016 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2016 publicada no Diario Oficial de Galicia 158 do 23 de Agosto de 2016 por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria , a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobar a memoria redactada para o Plan de Acción de Emprego que desenvolverá o Axente Local nesta materia dentro desta Corporación e comprensiva dos aspectos contidos no artigo 6º - 1 IV) da citada Orde cun custo anual de prórroga en contratación que ascende a cantidade de Trinta mil catrocentos vinte e oito euros con cincuenta e dous céntimos (30.428,52 €) en concepto de Salarios e cotizacións empresariais á Seguridade Social.-

2º.- Solicitar á citada Consellería unha Subvención por importe total de Sete mil seiscientos sete euros con trece céntimos (7.607,13 €) para dita finalidade equivalente ó 25 % do presuposto total da súa contratación.-

3º.- Compromiso firme de aportación municipal da cantidade de Vinte e dous mil oitocentos vinteun euros con trinta e nove céntimos (22.821,39 €) con cargo ó Presuposto Ordinario de 2015 onde existe consignación para dita finalidade.-

4º.- Facultar ó Alcalde para que no nome e representación deste Concello proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

5º.- Asuntos varios.-

Expediente adjudicación definitiva Contrato Menor Obra

Examinado o expediente tramitado mediante contrato menor para adjudicación da Obra denominada " Ampliación e mellora do camiño municipal a Padrís - Fisterra" cun presuposto total de Vinte e catro mil oitocentos trinta e un euros con trinta e dous céntimos (24.831,32 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó Anteproxecto redactado ó efecto e con Subvención outorgada por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural mediante Resolución de data 6 de Xuño de 2016.-

Unha vez efectuada a apertura das Ofertas presentadas en sobre pechado polos licitadores requeridos e que foron presentadas dentro do prazo indicado, resulta o seguinte :

DENOMINACIÓN	OFERTA	IVE	BAIXA
Construcciones y Obras Andujar_S.L.	17.374,00 €	3.648,54 €	3.808,78 €
Hnos Meijide S.C.	19.521,75 €	4.099,56 €	1.210,01 €
Construcciones Mantido S.L.	16.581,58 €	3.482,13 €	4.767,61 €

Seguidamente a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.- Adjudicar dita Obra en favor da Empresa Construcciones Mantido S.L., con CIF B15819642 e domicilio social na Avenida da Coruña, 12 da Vila de Camariñas nun importe total de Vinte mil sesenta e tres euros con setenta e un céntimos (20.063,71 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido ó tratarse da proposta económica mais vantaxosa, supoñendo unha baixa de Catro mil setecentos sesenta e sete euros con sesenta e un céntimos (4.767,61 €) en relación co tipo de licitación tal e como queda acreditado no expediente e de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-

2.- Notificar dito acordo o adjudicatario facéndolle saber que ditas obras deberán estar rematadas antes do día 30 de Setembro de 2016 salvo prórroga expresa concedida por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.-

3.- Facultar o Sr. Alcalde para que no nome e representación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

EXPEDIENTE OBRA " AMPLIACIÓN CAMIÑO DA INSUA " POS 2016

Unha vez examinado o expediente, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Admitir o erro de valoración observado por parte da Arquitecta que presta servizos urbanísticos dentro de esta Corporación no seu informe emitido con data 17 de Agosto de 2016 efectuado sobre as ofertas presentadas polos licitadores que accederon a licitación convocada para contratación mediante Procedemento Negociado da Obra denominada “ Mellora do Camiño a Insua – Fisterra “ cun presuposto de execución nun importe de 75.890,00 € incluída no Plan de Cooperación Municipal ás Obras e Servizos 2016 da Excmá Diputación Provincial :

EMPRESA	DENOMINACION
1	BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L.
2	CONSTRUCCIONES OGANDO S.L.
3	CONSTRUCCIONES Y OBRAS ANDUJAR S.L.
4	EXCAVACIONES Y OBRAS PUBLICAS GALICIA A.L.
5	EXCAVACIONES POSE S.L.
6	CONSTRUCCIONES MANTIDO S.L.

2) Entender subsanado dito erro dentro dos novos informes emitidos pola Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación con datas data 14 e 15 de Setembro de 2016 que constan no expediente, quedando polo tanto como sigue :

PUNTUACIÓNS PARCIAIS

EMPRESAS	1	2	3	4	5	6
<u>Programa de traballo (cláusula 15.2.A)</u>	<u>6.5</u>	<u>5.1</u>	<u>4.7</u>	<u>3.5</u>	<u>2.9</u>	<u>4.7</u>
<u>Actuación ambiental (cláusula 15.2.B)</u>	<u>4.8</u>	<u>3.8</u>	<u>4.9</u>	<u>3.8</u>	<u>2.8</u>	<u>3.9</u>
<u>Plan de control de calidade (cláusula 15.2.C)</u>	<u>6.4</u>	<u>3</u>	<u>3.4</u>	<u>5.2</u>	<u>2.7</u>	<u>6.2</u>
<u>Esquema do plan de seguridade e saúde (cláusula 15.2.D)</u>	<u>2.05</u>	<u>0.9</u>	<u>1.5</u>	<u>1.05</u>	<u>1.8</u>	<u>2.5</u>
<u>Porcentaxe de control interno de calidade (cláusula 15.2.E.1)</u>	<u>0.67</u>	<u>0.15</u>	<u>0.3</u>	<u>0.5</u>	<u>0.2</u>	<u>1</u>
<u>Porcentaxe de control externo de calidade (cláusula 15.2.E.2)</u>	<u>2</u>	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>2</u>
<u>Puntuación total</u>	<u>22.42</u>	<u>13.95</u>	<u>15.8</u>	<u>16.05</u>	<u>12.4</u>	<u>20.3</u>

PUNTUACIONS TOTAIS

<u>EMPRESA</u>	<u>PUNTUACIÓN VALORACIÓN TÉCNICA</u>	<u>PUNTUACIÓN VALORACIÓN ECONÓMICA</u>	<u>TOTAL</u>
1	<u>22,42</u>	<u>2,28</u>	<u>24,7</u>
2	<u>13,95</u>	<u>2,19</u>	<u>16,14</u>
3	<u>15,8</u>	<u>0,74</u>	<u>16,54</u>
4	<u>16,05</u>	<u>0,1</u>	<u>16,15</u>
5	<u>12,4</u>	<u>4,29</u>	<u>16,69</u>
6	<u>20,3</u>	<u>3,03</u>	<u>23,33</u>

2) De conformidade ó previsto na Cláusula 15.4 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares, convídese ás Empresas presentadas para que nun prazo non superior a 48 horas contados a partir do recibo desta comunicación a través de correo electrónico ou fax presenten en sobre pechado unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación previstos no Anexo V.II do Prego (Oferta Económica e Plan de Control Interno e Externo) que mellore a inicial ou ben se ratifiquen expresamente nas ofertas xa presentadas,

Esta ratificación que, en todo caso, é obrigatoria deberá facerse por escrito e polos cauces antes mencionados inda que no desexen melloralas, advertíndolle que no caso de non facelo así, as Empresas quedarían excluídas da licitación por preverse así no Prego .-

AXUDAS ECONÓMICAS

A) Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a P. E. P., veciña de Fisterra, con DNI 76.346.664 G unha axuda polo importe de Cen euros (100,00 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

B) Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda adquirir para J. L. S. L. , veciño de Fisterra, con DNI 76.354.497 V, pintura para que poida reparar o tellado da súa vivenda polo importe de Coarenta e sete euros (47,00 €) ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

PADRONES FISCAIS ANO 2016

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda ratificar a Resolución dictada pola Alcaldía o día 23 de Agosto de 2016 co seguinte contido:

A) Examinado o expediente do **Padrón Municipal da taxa por subministro de auga potable ano 2016.**

Resultando, que o anuncio da aprobación inicial a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Art. 124.3 da Lei 230/63 de 28 de decembro) foi exposto ó público no **BOP número 137 de 20/07/2016 e Taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante o período comprendido entre o 21/07/2016 ó 22/08/2016 ambos incluídos e que transcurrido dito prazo foron presentadas as reclamacións que constan no expediente, esta Alcaldía acorda aprobar definitivamente o citado padrón municipal nun importe de “ Douscentos cincuenta e un mil cento sesenta e nove euros con vinte e sete céntimos “ (251.169,27 €).**

B) Examinado o expediente do **Padrón Municipal da taxa por Utilización privativa ou aproveitamento especial por entrada de vehiculos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de aparcadoiro exclusivo, carga, descarga e outras actividades en interese particular ano 2016.**

Resultando, que o anuncio da aprobación inicial a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Art. 124.3 da Lei 230/63 de 28 de decembro) foi exposto ó público no **BOP número 137 de 20/07/2016 e Taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante o período comprendido entre o 21/07/2016 ó 22/08/2016 ambos incluídos e que transcurrido dito prazo non foi presentada reclamación algunha; esta Alcaldía acorda aprobar definitivamente o citado padrón municipal nun importe de “ Catro mil novecentos trinta e catro euros con trinta e cinco céntimos (4.934,35 €).-**

C) Examinado o expediente do **Padrón Municipal da taxa de Saneamento e Augas Residuais ano 2016.**

Resultando, que o anuncio da aprobación inicial a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Art. 124.3 da Lei 230/63 de 28 de decembro) foi exposto ó público no **BOP número 137 de 20/07/2016 e Taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante o período comprendido entre o 21/07/2016 ó 22/08/2016 ambos incluídos e que transcurrido dito prazo non foi presentada reclamación algunha ; esta Alcaldía acorda aprobar definitivamente o citado padrón municipal nun importe de “ Cento seis mil cincocentos oitenta e nove euros con oitenta e tres céntimos (106.589,83 €).**

AXUDA NO FOGAR

A) Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Conceder o Servizo de Axuda no Fogar en favor de M. C. F., veciño de Fisterra, con DNI 76.300.291 E para axudarlle o aseo persoal , tarefas domésticas e manter unha hixiene axeitada da vivenda.-

2) Notificar dito acordo ó interesado para o seu coñecemento e demais efectos.-

A) Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Denegar o Servizo de Axuda no Fogar en favor de R.L.M, veciña de Fisterra, con DNI 32.322.555 B, ante a existencia de conflictividade no seu domicilio que pode afectar á boa prestación do servizo por parte do persoal afecto ó mesmo; se ben no caso de que dita situación cambie, previo informe do Departamento dos servizos sociais, reconsiderarase o acordo en cuestión.-

2) Notificar dito acordo á interesado para o seu coñecemento e demais efectos.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 22:00 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.